

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/71-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMBADOS
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE NAVALLA
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE

Especies	Navalla (<i>E.arcuatus</i>)
Ambito do plan	Do Rego do Alcalde (Lañeiras de Fóra) á baliza de Orido, Arnela-Galiñeiro, Tragove, Tereixiñas e As Lobeiras
Subzonas probables de explotación	Área 1: Tereixiñas-Tragove Área 2: Orido Área 3: Galiñeiro Área 4: As Lobeiras

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/personas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/habilitacións
-	3	5
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		
Si (pendente do ano 2009) e ver consideracións		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	2	4

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción		94 días									
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : de xuño a outubro e decembro, cunha veda de 2 meses en marzo e abril.											
Modalidade⁽³⁾ : mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
					X	X	X	X	X		X

Topes de captura		
Especies	Embarcación	Mergullador enrolado e a bordo/día
Navalla		12 kg

Artes ou técnica de extracción	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie.
---------------------------------------	---

Puntos de control	Lancha da confraría e lonxa de Tragove
--------------------------	--

Puntos de venda	Lonxa de Tragove
------------------------	------------------

Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ambito do plan: Ao igual que no plan do ano 2009, solicítase ampliación (nas áreas I e II) con respecto ao ámbito do plan aprobado para o ano 2007; sen embargo, parte das novas zonas estarían situadas en áreas de libre marisqueo, polo que necesitarían da renuncia ou conformidade do resto das entidades interesadas na súa explotación para poder ser incluídas no plan de acordo co disposto na Lei 6/1993, de 11 de maio, de Pesca de Galicia (artigo 42). Apróbase como área a explotar aquelas zonas incluídas nas zonas de acordo coas confrarías de Vilanova e Illa de Arousa, e parte das autorizacións, quedado o ámbito do plan **do Rego do Alcalde (Lañeiras de Fóra) á baliza de Orido, Arnela-Galiñeiro, Tragove e Tereixiñas**. Inclúese o banco de **As Lobeiras (situado ao SW de Galiñeiro)**, xa que dito banco está incluído dentro do acordo existente entre as confrarías da ría de Arousa para a xestión das zonas de libre marisqueo (este banco foi incluído en setembro de 2009 por Resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños do 8 de setembro de 2009)

A superficie da **zona do Orido**, tal e como está representada no anexo III do plan, excede á do acordo coas confrarías de Cambados e Vilanova; así o vórtice SO do espazo está delimitado pola baliza Orido situada na realidade nunha posición máis ao leste e norte que o punto representado. Tal e como se presenta a área do plan estaría invadindo o polígono de bateas "D" e a canle de navegación entre este polígono e o de O Grove "A".

Reitérase a petición establecida nas fichas dos plans aprobados para o 2008 e 2009 co obxecto de que presenten unha carta náutica e coordenadas axustadas á zona autorizada. Ademais de correxir a zona de Rego do Alcalde (Lañeiras de Fóra) á baliza de Orido, deben excluír na área I o Canal das Meás e Boca das Pozas.

A zona de traballo é común coa explotación por parte do sector de marisqueo a flote polo que o



colectivo de mergulladores debe planificar un calendario de traballo que non interfira coa actividade de marisqueo a flote.

Recoméndase o uso de números arábigos e non romanos para nomear as diferentes subzonas co obxecto de evitar posibles confusións coa delimitación das zonas de control de biotoxinas.

Especies: Só a navalla ten abundancia suficiente para establecer unha explotación regular, o longueirón non apareceu en ningunha mostraxe e o longueirón vello está presente en baixa abundancia. Polo tanto, só se autoriza a navalla como especie explotable.

Participantes: o número de embarcacións autorizadas no plan é de 3 (1 cupo cada unha) e 5 cotas (2 vacantes). Segundo os datos dispoñibles na Consellería do Mar,

O plan conta coas seguintes embarcacións para o ano 2010: FUSQUETA VILL-3-6-121 (1 praza con cupo), MARIÑA VI-5-9940 (1 praza con cupo) e ANA ISABEL VILL-3-9209 (1 praza con cupo)

Durante o ano 2009, autorizouse un incremento de:

- 2 embarcacións (cunha habilitación cada unha) e,
- 2 habilitacións ou cotas, que se distribuirán entre as embarcacións que actualmente participan no plan.

No momento da elaboración desta ficha a entidade aínda non solicitara o inicio do procedemento de selección. Por outra parte, e dado que se **produciron 2 vacantes nas habilitacións**, cómpre que a entidade nos indique se está interesada en que estas se cubran e se acumulen á ampliación aprobada. No caso de estar interesada deberá indicar como sería a cobertura destas dúas vacantes, co obxecto de concretar a oferta de prazas no momento no que se inicie o proceso de selección.

Co obxecto de garantir o cumprimento do procedemento administrativo e a súa transparencia, a selección para a obtención da modalidade de navalla no permiso de explotación da embarcación así como o incremento de tripulantes habilitados en embarcacións que xa teñan recoñecida a modalidade de navalla no seu permiso **farase de conformidade co baremo aplicable** para o acceso á explotación dos recursos específicos aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

Calendario: de xuño a outubro e decembro, posto que en marzo e abril e maio son meses de alta probabilidade nos que se produce a posta masiva da navalla. Por outra banda, o número de días autorizados redúcese a 94 co obxecto de adaptar o calendario do plan á actividade extractiva real.

Cotas máximas de captura: as cotas son as que figuran nesta ficha

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.



Non se acepta o traslado de solénidos como actividade de semicultivo ao non figurar desenvolto no plan os obxectivos, organización e metodoloxía dos traballos.

Plan de control:

No caso particular do emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario unha rotación dos bancos de xeito que só se traballe nunha zona, establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os cupos de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo.

Actividade de mergullo:

Con respecto á actividade de mergullo, segundo o informe da sección de formación pesqueira emitido en data 11.11.2009 autorízase a realización das inmersións necesarias para a execución do plan sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente. A relación de mergulladores infórmase favorablemente.

Coa primeira resolución de apertura deberá achegarse o plan de seguridade aprobado pola autoridade marítima correspondente.

Deberá achegarse certificación que acredite que o plan foi aprobado polos órganos de goberno da confraría.

Recomendacións para a mellora do plan:

- Detallar a organización do punto de control.
- Recoméndase o uso de números arábigos e non romanos para nomear as diferentes subzonas co obxecto de evitar posibles confusións coa delimitación das zonas de control de biotoxinas.